

LUGO 2020

# ENTROIDO

21 - 26 DE FEBREIRO



# Benvidos ao ENTROIDO

## PREVIOS AO ENTROIDO

### MARTES, 18 DE FEBREIRO

Organiza A Tradescola

**16.30 H.** | Charla a cargo da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao "COÑECE O ENTROIDO RIBEIRAO" na Tradescola, rúa Pintor Corredoira, núm. 4.

**18.00 H.** | Desde a Tradescola á praza Maior, Folión de Entroido, coa participación de integrantes do Entroido Ribeirao.

### XOVES, 20 DE FEBREIRO

Organiza a Asociación Cultural Pepe Barreiro

**20.00 H.** | Charla - coloquio a cargo de Germán Barreiro González "PEPE BARREIRO E O ENTROIDO" no Vello Cárcere.

### VENRES, 21 DE FEBREIRO

**De 9.00 a 14.00 H** | Mercado Tradicional de Entroido no Mercado e Praza de Abastos, amenizado pola murga OS VIRTUOSOS DO TINTO.

**20.00 H** | Na Casa do Concello, pregón de Entroido por Alberte Cabarcos.

**20.30 H** | No Campo Castelo, San Pedro, praza Mártires de Carral, rúa do Progreso, rúa San Marcos, Ruanova, praza do Campo, rinconada do Miño e resto do recinto histórico, actuación das charangas TAMBUKADA e ARS NOVA.

**20.45 H** | No fondo da praza Maior, Entroido escénico "QUERETE" da COMPAÑÍA DE TEATRO DOWN LUGO E CIA.

## SÁBADO, 22 DE FEBREIRO

**De 10.00 a 14.00 H** | Degustación de produtos tradicionais de Entroido no Mercado e Praza de Abastos, amenizado pola murga OS VIRTUOSOS DO TINTO.

**10.00 a 20.00 H** | "CARREIRA DE TRONOS, ESCAPE ROOM EXTERIOR". Inscricións no 010. De 4 a 9 participantes por quenda. Os menores deberán ir acompañados dun adulto. Quendas dende as 10.00 ata as 15.00 H Premio á mellor caracterización de grupo. Festa de remate o domingo ás 20.00 H na Praza de Abastos.

**12:30 H** | Espectáculo itinerante de rúa para público familiar "HAKUNA MATATA". Dende a praza San Marcos ata a praza Maior.

**13.00 H** | Polo Mercado Municipal, praza da Soidade, Ruanova, rúa Tinería, rúa do Miño, praza do Campo e de novo Ruanova, actuación da murga OS VIRTUOSOS DO TINTO.

**13.00 H** | No fondo da praza Maior, Entroido escénico "EU NON QUERO MÁIS QUE UNHA MAN, UNHA MAN FERIDA SE É POSIBLE" a cargo do grupo PALIMOCOS E CÍA.

**17.00 H** | Gran Concurso de Disfraces (infantil). Os participantes concentraranse na praza da Soidade media hora antes do desfile, que presidirá a charanga VK PINTA. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e rematará na praza Maior. As inscricións deberán facerse no Departamento de Cultura do Concello, antes das 14.30 horas do venres, día 21 de febreiro. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa cultura da nosa cidade.

Durante a deliberación do xurado, haberá un espectáculo de clown e malabares para toda a familia "ISLA LE TRISKA".

**20:00 H** | Pola ronda das Fontiñas, actuación da charanga VK PINTA.

**20:30 H** | Saída do fondo da praza Maior, Entroido escénico "UNS PICAN E OUTROS NON" a cargo da comparsa do grupo Achádego Teatro.

Polas rúas do centro, actuación da charanga TERRA CHÁ.

No Campo Castelo, San Pedro e praza Mártires de Carral, actuación da charanga UNIÓN PHENOSA.

**23:00 H** | Na praza da Soidade, música, sesión DJ con DUB MONO HIFI SOUNDSYSTEM & HELENOISE OUTTA UDOG.

## DOMINGO, 23 DE FEBREIRO



**13.00 H** | Polo recinto histórico, actuación do grupo tradicional **CAIVANCA**.

No barrio da Ponte, ata o desvío estrada Portomarín, actuación do grupo tradicional **SON DE LUGH**

**20.00 H** | Festa de remate “**CARREIRA DE TRONOS, ESCAPE ROOM EXTERIOR**”.

**20.30 H** | Polo recinto histórico, actuación da charanga **AMIGOS DE MANOLO**.

## LUNS, 24 DE FEBREIRO

**De 9.00 a 14.00 H** | Mercado Tradicional de Entroido no Mercado e Praza de Abastos, amenizado pola charanga **OS VIRTUOSOS DO TINTO**.

**13.00 H** | Polo recinto histórico, actuación do grupo tradicional **CÁNTIGAS E FRORES**.

**18.30 H** | No Campo Castelo, Entroido escénico “**O ENTROIDO PÍCARO**” a cargo do grupo **OS PINCHACARNEIROS**.

**19.00 H** | Festa de disfraces na Praza de Abastos, con música a cargo do **DJ FETÉN** e moitas sorpresas.

**19.30 H** | Na praza da Milagrosa, a Piringalla, praza Viana do Castelo, zona da Medusa-Garabolos, actuación da charanga **OS JALÁCTICOS**.

**20.30 H** | Polo recinto histórico, actuación da charanga **LOUBAND**.

Por Augas Férreas, actuación da charanga **CLAVE DE SOL**.

No Campo Castelo, San Pedro e praza Mártires de Carral, actuación da charanga **VIÑO BRANCO**.

No fondo da praza do Campo, Entroido escénico “**GATSBY REMAKE 2020**” a cargo do grupo **NOSTRUM CAI**.

**23.00 H** | Na praza da Soidade, música, sesión DJ con **GALICIAN ARMY**.



## MARTES, 25 DE FEBREIRO



**12:30 H** | Espectáculo itinerante de rúa para público familiar “**LE PETIT CIRC**”. Dende a praza San Marcos ata a praza Maior.

**13.00 H** | Polo recinto histórico, actuación do grupo de música tradicional **RAÍCES DO CAMPO**.

**17.00 H** | **Gran Concurso de Disfraces (adultos)**. Os participantes concentraranse na praza da Soidade (en caso de chuvia, soportais do Mercado Municipal) media hora antes do desfile, que presidirá a charanga **PARADELA**. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raiña e rematará na praza Maior. As inscricións deberán facerse no Departamento de Cultura do Concello, antes das 14.30 horas do luns, día 24 de febreiro.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa cultura da nosa cidade.

**19:00 H** | Polo recinto histórico, actuación da charanga **PARADELA**.

## MÉRCORES, 26 DE FEBREIRO

Ao cumprirse este ano os 20 anos da constitución da “Asociación Cultural Pepe Barreiro”, organizou distintas actividades: ademais da convocatoria do concurso de Ferretes de Entroido tamén promoveu a exposición ao aire libre “**ASOCIACIÓN PEPE BARREIRO, UN ANTES E UN DESPOIS**” inaugurada o día 12 de febreiro e que pode visitarse na rúa da Raiña.

**19.00 H** | No quiosco da música da praza Maior, **Velorio da Sardiña**, a cargo da asociación cultural Pepe Barreiro. Están convidados todos os que queiran acompañar á familia no Velorio e poden así mesmo, deixar constancia da súa pena no libro de firmas.

**19.30 H** | Procesión da **Santa Compañía**, fará un percorrido pola praza Maior cantando misereres en latín e achegarase ao Velorio para apoderarse da ánima da sardiña.

**20.00 H** | **Enterro da Sardiña**. Organizado pola asociación cultural Pepe Barreiro.

Saída do cadaleito do quiosco da música para se incorporar á **Procesión** no Círculo das Artes e percorrer diferentes rúas de Lugo, con paradas na praza do Campo e da Soidade ata rematar na praza Maior, onde se lerán os **ferretes** e despediranse ata o ano que vén.

# Premios dos Concursos de DISFRACES



## INFANTIL

### INDIVIDUAL

- 1º premio: 2 vales por importe de 100 €
- 2º premio: 2 vales por importe de 75 €
- 3º premio: 2 vales por importe de 50 €

### PARELLAS

- 1º premio: 2 vales por importe de 150 €
- 2º premio: 2 vales por importe de 120 €
- 3º premio: 2 vales por importe de 90 €

### COMPARSAS

- 1º premio: 2 vales por importe de 225 €
- 2º premio: 2 vales por importe de 175 €
- 3º premio: 2 vales por importe de 140 €

Os premios entréganse en **vales** que sumarán entre os dous o importe total do premio:

- un por lote de libros (que pode incluír material escolar ou de papelería)
- outro para actividades de ocio e tempo libre.

Terán unha validez de tres meses, contados a partir do día do concurso, 22 de febreiro de 2020.

Deberán ser empregados nun só establecemento, non poden fraccionarse.

## ADULTOS

### INDIVIDUAL

- 1º premio: 500 €
- 2º premio: 300 €
- 3º premio: 200 €
- 3 premios de 50 €

### PARELLAS

- 1º premio: 600 €
- 2º premio: 400 €
- 3º premio: 300 €
- 5 premios de 100 €

### COMPARSAS

- 1º premio: 1.100 €
- 2º premio: 800 €
- 3º premio: 600 €
- 7 premios de 200 €

**+info** na web do Concello [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)

no teléfono do Concello **010** e se chamas de fóra de Lugo no **982 297 350**

nas RR.SS. do Concello de Lugo



**Concello de Lugo**

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da lingua